

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA COPA DE ESPAÑA INFANTIL DE JUDO, MASCULINA E FEMININA

Dunha parte, D. Martiño Noriega Sánchez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Mario Manuel Muzas Cobo, con documento nacional de identidade número 50 420 454S, Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A., con domicilio en A Coruña na praza de Agustín Díaz nº 3 con CIF G15109267 co número de Rexistro na Dirección Xeral para o Deporte 331.

Interviñeron as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos confirenlles, acordando

### EXPOÑER

I. Que o presente convenio regúlase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, "Xeral de Subvencións" e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.

III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.

IV. O Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración coa FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. (en diante FGJudo) obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de Execución de Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de **seis mil euros (6.000,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria **090 34100 48900**.

E, polo que as partes



## CONVIÑERON

1º Que éi obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do judo a través da realización da **Copa de España Infantil de Judo**, “Trofeo de Judo Cidade de Santiago”, na que estivo prevista a participación de numerosos clubs de Galicia, España e Portugal. Polo que a Federación Galega de Judo (en adiante FGJudoDA) comprometeuse á organización e desenvolvemento desta actividade deportiva, realizada o pasado sábado 4 de febreiro de 2017.

2º A FGJudoDA, como organizadora do evento, fíxose cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma, ademais, de definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preservou a igualdade entre os participantes e estableceu as condicións da competición.

A FGJudoDA manifestou a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibiliten a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como, acadou os permisos que foron necesarios ante as autoridades e organismos que corresponderon e, aplicou aquelas normas e regulamentos que foron de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

3º A Copa de España Infantil de Judo “Trofeo de Judo Cidade de Santiago” desenvolveuse no Pavillón Municipal do Restollal en Santiago de Compostela, sendo responsabilidade da FGJudoDA adoptar todas as medidas de control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinaron as normativas existentes e os propios plans de evacuación dos recintos.

En consecuencia, a súa organización supuxo asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba co fin de garantir, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

A maiores, a entidade dispuxo dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que puideron derivarse da organización desta competición, así como, tivo contratado un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

4º En todo tipo de publicidade e información fixo constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e carteleira en xeral, así como, nos lugares de competición.

5º A FGJudoDA comprometeuse a presentar, antes da sinatura do presente convenio para que formara parte do mesmo, a seguinte documentación:

**5.1** Certificación oficial da FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. conforme organizou a competición da Copa de España Infantil de Judo, así como, as datas de celebración do mesmo (4 de febreiro de 2017).

**5.2** Certificación da entidade, asinada pola Secretaria co visto e prace do Presidente, do orzamento detallado de ingresos e gastos da organización de dito evento.

**5.3** Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

**5.4** Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma.

**5.5** Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**5.6** Copia compulsada do CIF da Entidade

**5.7** Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

**6º** Pola súa parte, o Concello de Santiago comprometeuse a subvencionar á FGJudoDA coa cantidade de **6.000,00.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 48900, destinados á axuda do financiamento dos conceptos de gasto e contías que a continuación se detallan e que figuran expresamente no orzamento xeral da actividade:

Transporte, aluguer, montaxe e desmonte de material	1.070,85 €
Camisetas "Trofeo cidade de Santiago"	1.672,38 €
Servizo médico	520,00 €
Aloxamento	3.400,00 €
Trofeos e medallas	1.312,00 €
<b>Total do orzamento por estes conceptos:</b>	<b>7.975,23 €</b>

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas e ingresos públicos e/ou privados para o mesmo fin, non supere o orzamento total de gastos presentado pola entidade.


**7º** Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a FGJudoDA presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, **sempre antes do 31 de xullo de 2017**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

**7.1.** Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido o obxecto deste convenio.

Presentaranse unha breve memoria na que se inclúan recortes de prensa, fotografías, ..., nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que les corresponde do establecido no punto 4 do mesmo.

**7.2.** Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 6 do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2017, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 6ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos pola entidade para a organización deste evento, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

**Excepcionalmente,** só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministrados adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de 600,00 euros. Xustificarse mediante factura ou recibo asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

**7.3.** Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se expresen, tamén baixo a súa responsabilidade, as axudas e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. Esta declaración deberá vir acompañada dunha liquidación do orzamento de gastos e ingresos.

**7.4.** No momento da xustificación deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

**8º** O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2017.

**9º** O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a anulación da subvención prevista no presente convenio.

**10º** Polo Concello poderá esixirse, a maiores das condicións establecidas anteriormente, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

**11º** Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Entidade, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

**12º** O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta .

**13º** As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o seu regulamento.

**14º** Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.

**15º** O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos de Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, segundo o sinalado no seu art. 4.1.c), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

  
Polo CONCELLO DE SANTIAGO  
Asdo.: **Martino Noriega Sánchez**  
**ALCALDE**

Pola FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A.

  
Asdo.: **Mario Manuel Muzas Cobo**  
**PRESIDENTE**